

# LA ACADEMIA DE LAS MUSAS

[José Luis Guerín, 2016]

# 334

PASE ÚNICO: 22 de xaneiro de 2018 | V.O.S.E. | TP

*La academia de las musas* (2015, 92')

**Dirección:** José Luis Guerín

**Guión:** José Luis Guerín

**Participación:** Raffaele Pinto, Emanuela Forgetta, Rosa Delor Muns, Mireia Iniesta, Patricia Gil, Carolina Llacher, Juan Rubiño, Giulia Fedrigo, Giovanni Masia, Gavino Arca

**Son:** Amanda Villavieja, Marisol Nievas, Jordi Monrós

**Montaxe:** José Luis Guerín, Nuria Esquerra

**Fotografía:** José Luis Guerín

**Produtoras:** Los films de Orfeo (España)

**Distribuidora:** Los films de Orfeo

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Español, catalán, italiano

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Recuerdos de una mañana*, 2011

*Guest*, 2010

*En la ciudad de Sylvia*, 2007

*En construcción*, 2001

*Tren de sombras*, 1997

*Innisfree*, 1990

*Los motivos de Berta*, 1985

## PREMIOS E FESTIVALS

Sevilla 2015 (Giraldillo de Ouro ao Mellor filme), Locarno 2015 (Sección oficial), Fénix 2015 (Nomeado a mellor guión e montaxe)

## SINOPSE

Logo de impartir as súas aulas, un profesor de filoloxía é interrogado pola súa muller, que desconfía do enfoque pedagóxico que, a través dunha academia das musas inspirada en referencias clásicas, pretende rexenerar o mundo mediante a poesía. Este controvertido proxecto seu, desencadea unha serie de situacións dominadas pola linguaxe e o desexo.

## VINDECINE. O TEMPO DE MARTÍN CÓDAX A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

En colaboración coa Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia

«Fascinante experimento filmico. Guerín, co seu sedutor exercicio cinematográfico, traspasa a pantalla até bater no espectador»

Javier Ocaña, EL PAÍS



## “Calquera actor bo de cinema, deixa algo seu na interpretación”

Entrevista con José Luis Guerín  
Por Pablo García Conde

**Que hai dos dous personaxes no filme e que hai de ti neles?** Non sabería cifralo en porcentaxes e mesmo sería impúdico determinalo demasiado. Sempre, mesmo calquera actor bo de cinema, deixa algo seu na interpretación. A interpretación consiste en vivir en situacións ficticias dándonos unha verdade túa. É dicir, que o traballo dun actor consiste en ir rescatar coa súa propia sensibilidade, na súa memoria sensorial, paralelos, equivalencias, que lle fagan vivir esas emocións, esas tensións, para que haxa unha certa verdade. Nese sentido, o traballo con estas persoas, mesmo cando non fosen actores, foi absolutamente desa natureza. Eu tento achegalos, poñérllelo doado. Non inventar profesións estrañas ás súas. En principio, o profesor é profesor, as alumnas son alumnas, a muller do profesor é a muller do profesor, os seus nomes son os mesmos da vida real. Penso naquilo que é posíbel, que sexa aproximado, para logo introducir a hipótese da ficción, mais achegándoo o máis posíbel, tendo en común as palabras, a linguaxe. Iso perténcelles. É dicir esa maneira de dicir, que é a que me cativou e a que me levou a filmar con eles, veu dada por esa capacidade, por ese gusto dos diálogos, da linguaxe, que case é difícil atopar no cinema, mesmo, na vida. A veces sorpréndenche cunhas expresións que dirías propias dos trovadoras, ditas cunha naturalidade e cunha convicción contemporáneas. E outras veces con frases que semellan saídas dun bolero tolo,

case, mais ditas desde a verdade. Quíxenme beneficiar diso, deste gusto pola palabras que tiñan todos eles.

**Quen ten unhas conversas máis auténticas, máis naturais, son o profesor e a súa muller, cando discuten entre eles semella que efectivamente están a ter unha discusión real.** Exacto, exacto. Non é a súa vida mais nese intre é verdadeiro porque a emoción é verdadeira. É dicir, a situación na que eu os fixen é unha ficción. Mais, nese momento, eles cren no que están a dicir. Se non cren eles, é imposible que logo o crea o espectador. En todo caso, é verdade que hai un plus de verismo. Comentei na presentación aquela máxima de Hitchcock que dicía que canto máis inverosímil sexa o argumento, a historia que se conta, máis verosímil ten que ser a forma cinematográfica para tratala. Coido que levei moi ao límite esta ecuación, pois traballo a idea dunha academia de musas que ha de salvar o mundo a través do compromiso coa poesía, inspirando os poetas no seu movemento tan disparatado... Porén, vendo o filme é cribel, porque están estas persoas coa súa verdade fronte á cámara vivindo esas situacións.

Publicado en [cinentransit.com](http://cinentransit.com)

\*\*\*

## Teoría (e práctica) do amor

Por Javier Ocaña

Universidade de Barcelona. Un profesor italiano imparte unha clase nun posgrao de

Filoloxía arredor das musas e a súa influencia, particularmente na *Divina Comedia* de Dante. Os seus alumnos, e sobre todo as súas alumnas, interactúan mentres José Luis Guerín, creador deste fascinante experimento cinematográfico, o filma con realismo, sen excesos formais. Coa mesma naturalidade que levou ao director catalán a capturar a transcendente sinxeleza do discurso social na vida do barrio de *En construcción* (2001), a cámara de *La academia de las musas*, o seu novo artefacto cultural transcende até o milagre. Porque a teoría do profesor, pouco a pouco, vai pasando á praxe: a través de conversas, de feitos, de miradas, de flirteos, de accións. Alí onde a palabra pode pasar a ser palabraría. É un documental, unha ficción? Non importa, aínda que dea a impresión de experimento documental que se volve ficción para dar resposta práctica ás súas teorías.

Neste insólito filme as súas criaturas reflexionan sobre a orixe do amor, da palabra e do concepto; sobre a súa posíbel ascendencia económica, arredor do concepto de familia; sobre a súa probábel fonte literaria («O amor é unha invención dos poetas») e sobre a influencia da contorna natural. Uns falan desde o púlpito (físico ou mental) e outros poñen os puntos prácticos sobre os íes, sobre todo a esposa do profesor ou o mozo de internet, cando fala do amor (ficticio?) como utilización mutua baseada na necesidade. E, aínda quen non se fale diso, a linguaxe corporal acaba mandando: a dos ollos, a das mans, a da dirección do corpo. É esta a que nunca mente, a que vai alén do ensaio e do plano, a que é verdadeiramente espontánea na súa contorna entre o doce e o cruel. E Guerín, co seu sedutor exercicio cinematográfico, traspasa a pantalla. Até bater no espectador.

Publicado en [www.abc.es](http://www.abc.es)  
Traducións: Xan Gómez Viñas

### OS DEZ LIBROS DE JOSÉ LUIS GUERÍN

- Lais, Maria de Francia.* Acantilado, 2017
- El amor y Occidente, Denis De Rougemont.* Kairós, 1979
- Sylvie, Gérard de Nerval.* Acantilado, 2002
- Teatro de cámara, August Strindberg* Alianza, 2007
- Cartas de Abelardo y Heloisa, (Trad. Cristina Peri-Rossi).* José J. Olañeta, 2008
- Diario de un seductor, Sören Kierkegaard.* Alianza, 2014
- Madame Bovary, Gustave Flaubert* Galaxia, 2015
- Contra Sainte-Beuve, Marcel Proust* Alianza, 2016
- El peso del mundo, Peter Handke* Adriana Hidalgo, 2003
- Dante, la vida nueva (Ed. R. Pinto)* Cátedra, 1987

Abónate e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!